

“Nos dous anos que levamos aplicando este sistema xa obtivemos bos resultados, con tenreiros nas épocas de prezos máis altos”

A IXP Ternera Gallega está inmersa no desenvolvemento dunha serie de sesións técnicas en diferentes concellos de Galicia. O obxectivo é informar sobre a importancia da planificación para lograr a regularización produtiva e así acadar mellores prezos e consolidar a posición da carne da Denominación no mercado. Ademais de analizar a situación actual do vacún de carne desde a dimensión técnica, económica e comercial da produción e reprodución da cabana gandeira, as xornadas buscan animar aos gandeiros a implantar este sistema de traballo na rutina diaria. Produtores de Ternera Gallega, como é o caso de Manuel Castro, veñen utilizando esta práctica nas súas explotacións desde hai algún tempo e quixeron valorar nesta entrevista as principais vantaxes que supón a iniciativa. Unha axeitada programación dos partos, unida a un correcto manexo do rabaño, así como o coñecemento das características reprodutivas e de alimentación das femias, son algunhas das prácticas que Castro entende como principais solucións ao problema do desfase estacional e o desequilibrio entre oferta e demanda co que se atopa na actualidade o sector do vacún de carne galego.



Como valora a iniciativa posta en marcha a finais do pasado ano pola IXP Ternera Gallega para planificar e regularizar a produción de vacún de carne?

Ao meu xuízo, a planificación e regularización da produción de vacún de carne é unha iniciativa positiva que redundará na mellora da rendibilidade das nosas explotacións.

Como executan esta práctica no traballo diario?

A parideira das cabanas de vacún de carne non se distribúe de forma homoxénea ao longo do ano, tendendo a agruparse nos meses de final de inverno-principios de primavera, sobre todo nos meses de marzo, abril e maio. Isto fai que o número de tenreiros cebados que saen ao

mercado se concentre nos primeiros meses do ano seguinte e moitos menos na época de verán que é a época de maior demanda da carne. Por iso a aplicación desta práctica de regularización da produción se executará nos meses de outono, momento no que se concentrarán os partos co propósito de axustar, na medida do posible, a produción á demanda, asegurando un subministro de carne de calidade constante e equilibrado ao longo do ano, pero sobre todo tendo máis tenreiros para o verán, que é cando teñen mellor prezo.

Debido ao noso sistema de produción en semiextensivo con monta natural deixamos o touro co rabaño principal, de decembro ata marzo, momento no que o retiramos. O grupo de xovencas esta á parte e pro-

curamos tamén cubrilas neste período, ben cun touro axeitado ou mediante inseminación.

Tamén provocamos os partos, una vez que a vaca está cumprida, cun intervalo de 15 días, co fin de telas monitorizadas e saber case con exactitude cando van parir.

Desde cándo a veñen utilizando na súa explotación?

Hai xa dous anos que puxemos en marcha esta práctica na nosa explotación e seguimos traballando na súa correcta aplicación dado que durante a súa activación atopámonos con algúns contratempos como por exemplo a integración, na explotación, de tenreiras novas con outras provintes do exercizo anterior que non se adaptaron á cabana.

¿Están observando xa os primeiros resultados? Cales son as principais diferenzas con respecto ás anteriores prácticas de manexo?

Sí, ao longo destes dous anos xa puidemos observar os resultados desta iniciativa porque planificar as épocas de parto permítenos obter tenreiros nas épocas de prezos máis altos, evitando así a descompensación estacional que se rexistraba ata o momento entre a produción de carne e a demanda da mesma. Non podemos esquecer que, ata agora, nas explotacións de vacún de carne a parideira da primavera era moito maior ca de inverno. Pero eses nacementos saían ao mercado nos meses finais do ano seguinte coincidindo cos de menor consumo de carne o que provocaba un exceso de

oferta e a baixada xeneralizada dos prezos. En definitiva, estamos obtendo un mellor beneficio, xa que por unha parte non temos ningún problema en sacar os tenreiros e os prezos son mellores.

Como lle afecta na actualidade ao gandeiro o comportamento dos mercados? Cre que a cadea de valor da produción de vacún de carne desatende hoxe en día o seu primeiro, e esencial, chanzo (a orixe)? Que amparo e garantías ofrece neste sentido Ternera Gallega?

Hoxe en día os custes dos tenreiros e a alimentación dos mesmos son as principais partidas que temos que asumir os gandeiros, o que pode supór un 80% dos custes totais que temos que abonar. Por iso con-

sidero que serían nestes dos factores nos que se debería facer máis fincapé buscando solucións máis eficaces. Non podemos obviar o incremento do prezo dos pensos a causa da subida dos custes das materias primas (cereais, forraxes...) e a necesidade de redimensionar a masa agrícola para que poidamos contar con máis hectáreas dispoñibles. Temos a necesidade de ter máis territorio tanto para pastos como para plantar variedades, como o millo, que axudarían a mellorar os custes de produción e non depender tanto do exterior, á vez que aumentaríamos a calidade da nutrición dos nosos tenreiros e vacas. Por iso esta iniciativa activada pola IXP Ternera Gallega considero que recupera o amparo dese chanzo esencial da cadea de valor dando garantías ás nosas explotacións.

